



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE A AMPLIACIÓN DO NUMERO DE PRAZAS DO CURSO CV18020 PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN PRIMEIROS AUXILIOS, LOITA CONTRA INCENDIOS E EVACUACIÓN

ANTECEDENTES:

1. Mediante Resolución da directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 2 de abril de 2018 convócanse os cursos de prevención de riscos laborais en primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (DOG núm. 69 do 10 de abril).

2. A entidade colaboradora propón a ampliación de prazas do curso ó recibir máis solicitudes que prazas ofertadas para participar no devandito curso de 5 edicións de 25 prazas cada unha delas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Única. A base novena da antedita Resolución do 2 de abril de 2018 dispón o seguinte:

“ A EGAP e Cualtis poderán modificar o desenvolvemento, as datas e os lugares da actividade formativa, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.”

Dado que o número de solicitantes que cumpren os requisitos para ser seleccionados foi superior ao número de prazas convocadas, a entidade colaboradora CUALTIS S.L.U. propón a ampliación das prazas ofertadas nas 5 edicións do curso CV18020 prevención de riscos laborais en primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Lugo) de 25 por edición a 35 por edición, non afectando a calidade da formación a impartir.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Ampliar o número de prazas ofertadas de 25 a 35 nas cinco edicións do curso CV18020 prevención de riscos laborais en primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Lugo).
2. Publicar na páxina web da EGAP.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018

A directora,

Sonia Rodríguez-Campos